

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

ANEXO

Información a que se refire o artigo 5.1

1. Inventario actual.

1.1 Unha descrición do aeroporto, incluída información sobre a súa capacidade, situación, contorna, volume de tráfico aéreo, composición deste e composición das pistas de despegamento.

1.2 Unha descrición dos obxectivos ambientais para o aeroporto e o contexto nacional.

1.3 Detalles sobre as curvas de ruído correspondentes ó ano en curso e ós anos anteriores, incluída unha avaliación do número de persoas afectadas polo ruído das aeronaves. Descrición do método de cálculo utilizado para traza-las curvas.

1.4 Unha descrición das medidas xa aplicadas para reduci-los niveis de ruído dos avións: por exemplo, información sobre a ordenación e xestión do solo; programas de illamento acústico; procedementos operativos tales como PANS-OPS; restriccións operativas tales como limitacións dos límites acústicos, límites ou prohibición de voos nocturnos, taxas sobre o ruído; uso de pistas preferentes, rutas preferidas para minimiza-lo ruído/control das rutas e medicións do ruído.

2. Previsións en caso de non se adoptaren novas medidas.

2.1 Descricións das ampliacións do aeroporto (se as houber) xa aprobadas e programadas, por exemplo, aumento de capacidade, ampliación das pistas e/ou das terminais e composición prevista do tráfico futuro, así como crecemento previsto.

2.2 Polo que respecta á ampliación da capacidade do aeroporto, beneficios desa capacidade adicional.

2.3 Descrición do efecto sobre o nivel xeral de ruído en caso de non se adoptaren novas medidas, así como daquelas medidas xa previstas para minimiza-lo impacto do ruído nese mesmo período.

2.4 Curvas de ruído previstas, incluída unha avaliación do número de persoas susceptibles de verse afectadas polo ruído das aeronaves. Distinción entre zonas residenciais antigas e de nova construción.

2.5 Avaliación das consecuencias e custos posibles da inacción para reduci-lo impacto dun aumento da contaminación acústica en caso de que se prevexa esta circunstancia.

3. Avaliación de medidas adicionais.

3.1 Descrición das medidas adicionais dispoñibles como parte das distintas opcións mencionadas no artigo 4.1 e, en particular, indicación das principais razóns para a súa escolla. Descrición das medidas elixidas para un exame en maior profundidade e información máis detallada sobre o custo de introducción desas medidas; o número previsto de persoas que se vaian beneficiar e prazos correspondentes, así como clasificación das medidas segundo a súa eficacia global.

3.2 Avaliación da relación custo/eficacia ou custos/beneficios da introducción de medidas específicas, tendo en conta os efectos socioeconómicos das medidas

sobre os usuarios do aeroporto: operadores (pasaxeiros e mercadorías), viaxeiros e comunidades locais.

3.3 Exame sucinto dos posibles efectos das medidas propostas, desde o punto de vista ambiental e da competencia, sobre outros aeroportos, os operadores e outras partes interesadas.

3.4 Razóns da escolla da opción preferida.

3.5 Un resumo non técnico.

4. Relación con outros instrumentos de avaliación e xestión do ruído ambiental.

4.1 Cando se elaborasen mapas de ruído ou plans de actuación contra o ruído, que deberán te-lo nivel de detalle adecuado para permitir unha correcta avaliación dos efectos das medidas propostas, estes servirán para proporcionar-la información esixida neste anexo. Tales mapas e plans realizaranse de acordo co establecido nas normas que incorporen ó ordenamento xurídico español a Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.

4.2 A avaliación da exposición ó ruído (isto é, o trazado das curvas de ruído e a determinación do número de persoas afectadas) efectuarase mediante, polo menos, os indicadores de ruído comúns Lden e Lnight, se se dispón deles.

XEFATURA DO ESTADO

18681 *LEI 29/2003, do 8 de outubro, sobre mellora das condicións de competencia e seguridade no mercado de transporte por estrada, pola que se modifica, parcialmente, a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. («BOE» 242, do 9-10-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Varias son as razóns que aconsellan a modificación do título V da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (en diante, LOTT), referido ó réxime sancionador e de control dos ditos transportes.

Por unha parte, as formulacións acerca do nivel de intervención administrativa sobre o mercado de transportes variaron sensiblemente desde 1987, ano en que se aprobou a LOTT, e o momento actual.

Nun mercado fortemente intervindo, no que a maior parte de decisións empresariais requirían dun previo control por parte da Administración, é obvio que determinadas conductas lesivas para a competencia non se producían nunca ou, no caso de se produciren, revestían pouca transcendencia. Polo contrario, nun mercado practicamente liberalizado, como é na actualidade o dos nosos transportes por estrada, resulta imprescindible que a inspección poida perseguir e sancionar conductas contrarias á libre competencia en que, se é o caso, puidesen incorrer aquelas empresas que pretendan utilizar indebidamente o ámbito de liberdade en que agora se desenvolven a través de prácticas cimentadas na competencia desleal.

Por iso certas conductas, que revestían unha importancia relativa no contexto do ordenamento xeral dos

transportes terrestres existente en 1987, deben hoxe ser valoradas desde unha óptica sancionadora totalmente distinta. Poden, ademais, as citadas conductas, afectar negativamente, en moitas ocasións de maneira directa, a seguridade no transporte terrestre, o cal resulta inaceptable nunha sociedade desenvolvida na que aquela se debe considerar un obxectivo irrenunciábel.

Desde 1987 ata aquí producíronse, por outra parte, importantes cambios no réxime xurídico tanto das autorizacións de transporte interior como das licencias e autorizacións habilitantes para a realización do transporte internacional, o que fai necesario acomoda-los tipos infractores ó dito novo réxime.

Por fin, a cada vez máis estricte xurisprudencia sobre interpretación do principio de reserva de lei en materia sancionadora aconsella, así mesmo, modifica-lo título V da LOTT, co fin de recoller coa necesaria precisión a totalidade dos tipos infractores que na práctica se poden producir.

Significativamente, esta xurisprudencia vén considerando, nun certo número de supostos, contraria ó principio de legalidade a técnica seguida polo lexislador en 1987, consistente en establecer tipos infractores moi xenéricos na LOTT, que logo foron concretados no regulamento aprobado para o seu desenvolvemento.

A nova redacción que se lle dá ó título V, necesariamente máis prolixa cá precedente, trata de tipificar de forma completa as distintas vulneracións das normas de ordenación do transporte por estrada que se puidesen producir, incluíndo os desenvolvementos, precisións e aclaracións que ata agora se contiñan en normas de rango inferior á lei ou que veñen esixidos pola aparición de novas figuras xurídicas, nunha escrupulosa aplicación do principio de legalidade na materia.

Xunto ás referidas modificacións, procédese a actualizalas contías das sancións, con obxecto de mante-lo seu carácter disuasorio en relación cos beneficios que na actualidade podería reporta-la comisión das infraccións a que van emparelladas, establecéndose un novo sistema máis eficaz e simplificado na súa graduación, e atribuíndo unha importancia determinante ós criterios de habitualidade e reincidencia na conducta infractora.

Xunto á modificación do título V, considerouse necesario abordar, así mesmo, a doutros sete artigos da LOTT, ben porque, independentemente da súa localización, gardan, non obstante, relación coa actividade inspectora e lles afectan idénticas razóns ca ós incluídos naquel (artigos 33 e 35), ben porque concorren neles outros motivos que aconsellan a súa modificación: a adaptación ás normas xerais que rexen a materia por eles afectada (adaptación ó euro no caso do artigo 38 e lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros no do 42), por simplificación do réxime contractual dos transportes (artigo 22), elevación a rango de lei dos límites de responsabilidade (artigo 23) ou para dar cobertura a regulacións de determinados transportes de natureza ou características específicas (artigo 55).

Artigo primeiro. *Modificacións xerais.*

Modifícanse os artigos 22; 23; 33; 35.2; 38.1, terceiro parágrafo; 38.2, e 42.1, alínea a), engádese un novo parágrafo ó artigo 55 e unha disposición adicional novena nova da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, os cales quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 22.

1. Para os efectos sinalados nesta lei, enténdese por cargador ou remitente a persoa, física ou xurídica, que, xa sexa directamente ou como intermediario de transporte, solicita a realización

do transporte en nome propio e fronte á cal o transportista asume, en virtude do contrato, a obriga de efectualo.

Cando a realización do transporte lle sexa requirida ó transportista polo persoal dunha empresa no exercicio das funcións que nesta teña atribuídas, presumirase, agás proba en contrario, que contrata no nome da dita empresa, correspondéndolle, por conseguinte, a esta a posición de cargador no contrato.

Nos demais casos presumirase, agás proba en contrario, que a persoa que require os servizos do transportista contrata o transporte das mercadorías en nome propio, asumindo a posición de cargador no contrato.

Pola súa parte, enténdese por expedidor a persoa, física ou xurídica, que entrega as mercadorías ó transportista para o seu transporte. Poderá ser expedidor das mercadorías o propio cargador ou unha persoa distinta.

Por consignatario ou destinatario enténdese a persoa, física ou xurídica, á cal o transportista lle teña que entrega-las mercadorías obxecto do transporte unha vez finalizado este. Poderá ser consignatario das mercadorías o propio cargador ou unha persoa distinta.

2. Nos servizos de transporte de mercadorías por estrada de carga completa as operacións de carga das mercadorías a bordo dos vehículos, así como as de descarga destes, serán por conta, respectivamente, do cargador ou remitente e do consignatario, salvo que expresamente se pacte outra cousa antes da efectiva presentación do vehículo para a súa carga ou descarga. Igual réxime será de aplicación respecto da estiba e desestiba das mercadorías.

Os referidos cargador ou remitente e consignatario serán, así mesmo, responsables dos danos ocasionados como consecuencia das deficiencias que se produzan nas operacións que lles correspondan realizar de conformidade co sinalado no parágrafo anterior.

Non obstante, a referida responsabilidade corresponderalle ó transportista, tanto se previamente mediou pacto expreso para o efecto coma no caso contrario, en todos aqueles supostos en que fose el mesmo, ou o persoal del dependente, quen realizase as operacións a que se refiren os parágrafos anteriores. Así mesmo, o transportista responderá dos danos sufridos polas mercadorías transportadas como consecuencia dunha estiba inadecuada, aínda cando tal operación a realizase o cargador ou remitente, se este a levou a cabo seguindo as instrucións impartidas por aquel.

3. Nos servizos de carga fraccionada, enténdese por tales aqueles en que resulten necesarias operacións previas de manipulación, grupaxe, clasificación, etc., as operacións de carga e descarga, salvo que expresamente se pacte outra cousa e, en todo caso, a estiba e desestiba das mercadorías, serán por conta do transportista.

O transportista será, así mesmo, responsable dos danos ocasionados como consecuencia das operacións que lle correspondan realizar de conformidade co previsto no parágrafo anterior.

4. En calquera dos supostos recollidos nos dous puntos anteriores os titulares da actividade que se desenvolva nos lugares en que as mercadorías deban ser postas a bordo do vehículo ou descargadas deste, tanto se se trata do propio cargador ou remitente ou do destinatario coma se se trata dun mero expedidor ou consignatario material

do envío, deberán ter prevista a organización pertinente e contar cos medios necesarios en función do número de envíos que expidan ou reciban e as súas características, así como as dos vehículos utilizados para o seu transporte, para que, salvo en supostos en que medie forza maior, caso fortuíto ou causa imputable ó transportista, as operacións de carga, estiba, desestiba e descarga dos ditos vehículos non requiran dun prazo superior a dúas horas, contadas desde a súa presentación nos termos requiridos polo contrato para seren cargados ou descargados.

Cando, como consecuencia do incumprimento de tal obriga por parte do titular do lugar de que se trate, o vehículo teña que esperar un prazo superior ata que se dea por finalizada a súa carga e estiba ou desestiba e descarga, o transportista poderalle esixir unha indemnización en concepto de paralización, nos termos sinalados no punto 6 deste artigo.

Para tal efecto, presumirase que calquera paralización superior ó prazo anteriormente sinalado é responsabilidade do titular do lugar en que as operacións de carga e descarga teñan que ser realizadas, e, consecuentemente, este non se poderá escusar do pagamento da dita indemnización, salvo que probe a concorrencia de forza maior, caso fortuíto ou causa imputable ó transportista.

5. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, regulamentariamente e logo do informe do Comité Nacional de Transporte por castrada e do Consello Nacional de Transportes Terrestres, poderanse establecer limitacións por razóns de seguridade en relación coa participación activa na realización de operacións de carga, estiba, desestiba e descarga por parte dos conductores dos vehículos para a conducción dos cales se precise permiso da clase "C + E".

6. Agás que no correspondente contrato se pactase expresamente unha indemnización distinta para este suposto, a paralización do vehículo por causas non imputables ó transportista, incluídas as operacións de carga e descarga, dará lugar a unha indemnización en contía equivalente ó salario mínimo interprofesional/día multiplicado por 1,2 por cada hora ou fracción de paralización, sen que se teñan en conta para tal efecto as dúas primeiras horas de paralización nin se computen máis de 10 horas diarias por este concepto.

Cando a paralización do vehículo fose superior a dous días, as horas que, a teor do anteriormente sinalado, se teñan que computar para tal efecto no terceiro día e seguintes serán indemnizadas na contía equivalente á anteriormente sinalada, incrementada nun 50 por cento.

Artigo 23.

1. Salvo que expresamente se pacten unhas contías ou condicións diferentes, a responsabilidade dos transportistas de mercadorías polas perdas ou avarías que sufran estas estará limitada como máximo á cantidade de 4,5 euros por quilogramo. A responsabilidade dos ditos transportistas polos atrasos na entrega das mercadorías non poderá exceder, agás pacto en contrario, do prezo do transporte.

2. Salvo que expresamente se pacten unhas contías ou condicións diferentes, a responsabilidade dos transportistas de viaxeiros polas perdas ou avarías que sufran as súas equipaxes estará limitada como máximo a 14,5 euros por quilogramo. A súa responsabilidade polas perdas ou avarías que sufran os encargos que transporten rexerese polas

condicións sinaladas no punto 1 deste artigo en relación co transporte de mercadorías.

Para tal efecto, enténdese por equipaxe calquera obxecto ou conxunto de obxectos que, por petición do viaxeiro, acompañen a este durante a viaxe a bordo da bodega, a baca ou o remolque do mesmo vehículo. Enténdese por encargo calquera obxecto que a empresa transportista se obriga a transportar por conta allea a bordo do vehículo que realice o servizo de que se trate, cando este obxecto non garde relación directa con ningún dos viaxeiros que ocupan praza no mesmo vehículo.

A vixilancia dos vultos de man corresponderalle ó viaxeiro a que acompañan e, en consecuencia, serán pola súa conta os danos que estes poidan sufrir mentres se encontren a bordo do vehículo, agás que probe a responsabilidade da empresa transportista, caso en que serán de aplicación as limitacións anteriormente previstas en relación coas equipaxes. En todo caso, considerarase responsable á empresa transportista da posible perda ou deterioración dos vultos de man ocorrida nalgún momento en que, con ocasión dunha parada, tódolos ocupantes abandonasen o vehículo sen que, inmediatamente despois, o conductor pechase as portas de acceso a este. Para tal efecto, entenderase por vulto de man todo pequeno obxecto destinado ó abrigo, adorno ou uso persoal que un viaxeiro leve consigo durante a viaxe a bordo do habitáculo do vehículo.

3. Regulamentariamente establecerase un procedemento simplificado de depósito e, se é o caso alleamento, das mercadorías non retiradas ou os portes das cales non sexan pagados co fin de garantir a percepción polo seu transportista.

Artigo 33.

1. O persoal dos servizos de inspección do transporte terrestre terá, no exercicio das súas funcións, a consideración de autoridade.

2. Os feitos constatados polo persoal referido no punto anterior terán valor probatorio cando se formalice en documento público, observando os requisitos legais pertinentes, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achega-los propios administrados.

3. Os titulares dos servizos e actividades a que se refire esta lei, os titulares de empresas nas instalacións das cales se realicen actividades de transporte terrestre ou relacionadas con el, así como os que ocupen a posición de cargador ou remitente, mero expedidor ou destinatario ou consignatario nun transporte de mercadorías, os usuarios dun transporte de viaxeiros e, en xeral, as persoas afectadas polos seus preceptos virán obrigadas a facilitarlle ó persoal da inspección do transporte terrestre, no exercicio das súas funcións, a inspección dos seus vehículos e instalacións e o exame dos documentos, libros de contabilidade, facturas, títulos de transporte e datos estatísticos que estean obrigados a levar, así como calquera outra información relativa ás condicións de prestación dos servizos realizados que resulte necesaria para verificar o cumprimento das obrigas contidas na lexislación de transportes. Esta obriga alcanzará, en todo caso, a todos aqueles libros, documentos de xestión, control ou estatísticas que sexa obrigatorio manter ou levar segundo a normativa económica, fiscal, social e laboral ou ambiental que resulte de aplicación ós suxeitos anteriormente sinalados. Por canto se refire ós usuarios do transporte de viaxeiros, estarán obrigados a identificarse a requirimento

do persoal da inspección cando este se encontre realizando as súas funcións en relación co servizo utilizado por aqueles.

Para tal efecto, os servizos de inspección poderán solicitar-la documentación precisa para o mellor cumprimento da súa función na propia empresa ou ben requirir-la presentación da dita documentación nas oficinas públicas correspondentes, así como, se é o caso, a comparecencia do empresario ou do seu representante, nos termos establecidos na lexislación de procedemento administrativo, ante as oficinas públicas cando sexa requirido para isto. Para tales efectos, nas inspeccións levadas a cabo na estrada, o conductor terá a consideración de representante da empresa en relación coa documentación que existe obriga de levar a bordo do vehículo e a información que lle sexa requirida respecto do servizo realizado.

Cando a documentación que se solicite sexa acreditativa do cumprimento das obrigas relativas ós tempos de conducción e descanso dos condutores, a empresa non se poderá escusar de achegala pola ausencia do empresario ou a persoa responsable de a levar ou custodiar.

A esixencia a que se refire este punto unicamente poderá ser realizada na medida en que resulte necesaria para verificalo cumprimento das obrigas contidas na lexislación de transporte terrestre.

4. Os membros da inspección do transporte terrestre e os axentes das unidades ou destacamentos das forzas que legalmente teñen atribuída a súa vixilancia, cando existan indicios fundados de exceso de peso, manipulación ou funcionamento inadecuado imputable ó transportista do aparello de control dos tempos de conducción e descanso ou do limitador de velocidade ou doutros instrumentos de control que exista obriga de levar instalados nos vehículos, poderán ordenalo seu traslado ata a báscula de pesaxe, taller autorizado ou zona de control que resulte máis adecuada para o seu exame, sempre que non supoña un percorrido de ida superior a 30 quilómetros. Non obstante, cando os mencionados lugares se encontren situados no mesmo sentido da marcha que siga o vehículo, non existirá limitación en relación coa distancia que hai que percorrer.

O conductor do vehículo así requirido virá obrigado a conducilo, acompañado polos membros da inspección do transporte terrestre ou polos axentes das unidades ou destacamentos das forzas intervinientes, ata os lugares citados, así como a facilitar-las operacións de pesaxe e verificación, correndo os gastos destas, en caso de se produciren, por conta do denunciado, se se acredita a infracción, e, en caso contrario, da Administración actuante.

5. Se, na súa actuación, o persoal dos servizos de inspección do transporte terrestre descubrise feitos que puidesen ser constitutivos de infracción da normativa reguladora doutros sectores, especialmente no referente ó ámbito laboral, fiscal e de seguridade vial, porao en coñecemento dos órganos competentes en función da materia de que se trate.

Similares actuacións ás previstas no punto anterior deberán realiza-los órganos de calquera sector da actividade administrativa que teñan coñecemento de infraccións das normas de ordenación dos transportes terrestres.

Con obxecto de conseguirla coordinación requirida para dar cumprimento ó disposto no presente punto, os órganos que teñan competencias sobre

cada unha das distintas materias afectadas deberán presta-la asistencia activa e cooperación que resulte necesaria para o efecto.

Artigo 35.2.

Perseguirase o aumento da eficacia da función inspectora a través da elaboración periódica de plans de inspección que darán ás actuacións inspectoras un carácter sistemático e determinarán as liñas xerais directrices das operacións de control dos servizos ou actividades que poidan requirir actuacións especiais.

A elaboración da planificación levarase a cabo de forma coordinada cos órganos competentes para a vixilancia do transporte terrestre en vías urbanas ou interurbanas, co fin de lograr unha adecuada coordinación na realización das distintas competencias de vixilancia e inspección. Así mesmo, nesta elaboración poderase solicita-la colaboración do Comité Nacional do Transporte por Estrada.

O departamento ministerial competente en materia de transportes poderá determinar en todo momento os criterios de actuación prioritaria dos servizos de inspección en relación cos transportes da súa competencia. Esta actuación prioritaria producirase en relación coas infraccións que en cada momento teñan unha maior incidencia e impliquen unha maior perturbación na ordenación e seguridade do transporte, incidindo fundamentalmente, en todo caso, sobre aquelas que resulten lesivas para a libre e ordenada competencia entre as empresas que operan no mercado.

Artigo 38.1, terceiro parágrafo.

Presumirase que existe o referido acordo de sometemento á arbitrase das xuntas sempre que a contía da controversia non exceda de 6.000 euros e ningunha das partes intervinientes no contrato manifestase expresamente á outra a súa vontade en contra antes do momento en que se inicie ou se debese ter iniciado a realización do servizo ou actividade contratado.

Artigo 38.2.

O Goberno determinará regulamentariamente o procedemento conforme o cal se debe substancia-la arbitrase, debéndose caracterizar pola simplificación de trámites e pola non esixencia de formalidades especiais.

Artigo 42.1, alínea a).

Te-la nacionalidade española ou ben a dun Estado da Unión Europea ou doutro país estranxeiro co que, en virtude do disposto en acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o citado requisito, ou, noutro caso, contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de acordo co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para ampara-la realización da actividade de transporte en nome propio.

Artigo 55.

Os vehículos con que se realicen os transportes públicos e privados regulados nesta lei, e, se é o caso, as cargas transportadas neles, deberán cumprir-las condicións técnicas que resulten esixibles segundo a lexislación industrial, de circulación e seguridade reguladora das ditas materias.

Cando a adecuada prestación de determinados servizos de transporte o fagan conveniente, a Administración poderá establecer en relación cos vehículos con que aqueles se realicen e coas cargas

transportadas, xa sexan estas divisibles ou non, condicións específicas adicionais ou diferentes.

O Goberno poderá establecer, por proposta dos ministros competentes, normas especiais de seguridade en relación con aquelas modalidades de transporte que polas súas específicas características ou natureza así o aconsellen.

Disposición adicional novena.

Facúltase o Ministerio de Fomento para o establecemento dun programa de innovación e fomento da calidade na rede de servicios regulares de transporte de viaxeiros por estrada que recolla a presentación de plans individualizados de innovación e mellora da calidade por parte das empresas concesionarias e a súa ulterior aprobación.

Nos concursos que se convoquen para o outorgamento de concesións de transporte regular de viaxeiros por estrada, permanentes e de uso xeral, poderase valorar para os efectos da adxudicación, nos termos que regulamentariamente se determinen, o cumprimento dos plans individualizados de innovación e mellora da calidade a que se refire o parágrafo anterior.»

Artigo segundo. *Modificación do réxime sancionador.*

O título V da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordeñación dos transportes terrestres, queda redactado da seguinte maneira:

«Réxime sancionador e de control dos transportes terrestres e das súas actividades auxiliares e complementarias

CAPÍTULO PRIMEIRO

Réxime sancionador

Artigo 138.

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras dos transportes terrestres e das súas actividades auxiliares e complementarias corresponderá:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de transportes ou actividades suxeitos a concesión ou autorización administrativa, á persoa física ou xurídica titular da concesión ou da autorización.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de transportes ou actividades auxiliares ou complementarias destes levados a cabo sen a cobertura do preceptivo título administrativo habilitante, ou a realización dos cales se encontre exenta da obtención deste, á persoa física ou xurídica propietaria ou arrendataria do vehículo ou titular da actividade.

Para os efectos previstos neste punto, considérase titular do transporte ou actividade clandestina de que se trate á persoa física ou xurídica que materialmente a leve a cabo en nome propio, a organice ou asuma a correspondente responsabilidade empresarial, así como a todo aquel que non sendo persoal asalariado ou dependente colabore na realización do dito transporte ou actividade.

c) Nas infraccións cometidas por remitentes ou cargadores, expedidores, consignatarios ou destinatarios, usuarios e, en xeral, por terceiros que, sen estaren comprendidos nos anteriores puntos, realicen actividades que se vexan afectadas pola lexislación reguladora dos transportes terrestres, á persoa física ou xurídica á que vaia dirixido o precepto infrinxido ou á que as normas correspondentes atribúan especificamente a responsabilidade.

2. A responsabilidade administrativa esixiráselle ás persoas físicas ou xurídicas a que se refire o punto 1, independentemente de que as accións ou omisións das que esta responsabilidade derive fosen materialmente realizadas por elas ou polo persoal da súa empresa, sen prexuízo de que poidan deducí-las accións que ó seu xuízo resulten procedentes contra as persoas ás que sexan materialmente imputables as infraccións.

3. Terán a consideración de infraccións independentes aquelas que se cometan en relación con distintas expedicións de transporte, aínda cando os feitos infrinxan os mesmos ou semellantes preceptos.

Non obstante, tratándose de expedicións de servicios de transporte regular, xa sexa este de uso xeral ou especial, cando os feitos constitutivos da infracción garden relación directa coa actividade administrativa que se desenvolve nas oficinas da empresa ou co vehículo utilizado e resulte acreditado que non podían ser corrixidos ata o regreso daquel á sede empresarial da que inicialmente partiu, tales feitos consideraranse constitutivos dunha soa infracción, aínda cando continuasen tendo lugar durante as distintas expedicións parciais realizadas entre tanto.

Artigo 139.

Constitúen infraccións administrativas das normas reguladoras do transporte terrestre as accións ou omisións dos distintos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas de conformidade con esta lei.

As infraccións das normas reguladoras do transporte terrestre clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 140.

Consideraranse infraccións moi graves:

1. A realización de transportes públicos ou algunha das súas actividades auxiliares ou complementarias carecendo da concesión, autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras dos transportes terrestres.

A prestación de servicios para os que se requira conxuntamente algunha das concesións ou autorizacións especiais reguladas nesta lei e a autorización habilitante para o transporte discrecional de viaxeiros regulada no título III considerárase incluída na infracción tipificada neste punto tanto se se carece da unha como da outra.

Para os efectos da súa correcta cualificación, considéranse incluídos neste punto os seguintes feitos:

1.1 A prestación de servicios de transporte público que excedan do ámbito territorial especificamente autorizado.

1.2 A realización de transportes públicos ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias carecendo de autorización por non ter realizado o seu visado regulamentario, salvo que esta conducta se deba cualificar como infracción leve de conformidade co disposto no artigo 142.8.

1.3 A organización, establecemento ou realización de servicios regulares de transporte de viaxeiros sen ser titular da correspondente concesión ou autorización especial, xa sexan propios ou alleos os medios cos que se presten e aínda cando se posúa autorización de transporte discrecional.

1.4 A prestación material de servicios regulares de transporte de viaxeiros carecendo da preceptiva concesión ou autorización especial, aínda

cando a correspondente empresa non contrate cos usuarios e se limite a actuar baixo a dirección do organizador do transporte, sempre que neste caso a Administración fixese advertencia do carácter ilegal do transporte.

1.5 O transporte de persoas ou grupos distintos daqueles a que especificamente se encontra referida a correspondente autorización durante a realización dun transporte regular de uso especial.

1.6 A realización, ó abeiro de autorizacións de transporte privado complementario, de servicios que non cumpran algunha das condicións expresamente reguladas no artigo 102.2, considerándose, para tal efecto, incumprimento do disposto na alínea c) do referido precepto a utilización dun semirremolque ou remolque alleo, aínda cando o vehículo tractor sexa propiedade da empresa titular da autorización.

1.7 A realización de servicios con cobramento individual ou con reiteración de itinerario ou turísticos ó exclusivo abeiro de autorizacións de transporte discrecional, fóra dos supostos expresamente permitidos ou incumprindo as condicións establecidas para isto.

1.8 A realización de transportes públicos sen levar a bordo do vehículo o orixinal da correspondente copia certificada da autorización ou licencia cando esta fose expedida na modalidade prevista na alínea b) do punto 2 do artigo 92, ou da documentación acreditativa que resulte así mesmo necesaria para controla-la legalidade do transporte, conforme o que, para o efecto, determine o departamento ministerial competente en materia de transportes, cando o transporte se realice ó abeiro de autorizacións outorgadas nas modalidades previstas nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 92.

1.9 A realización de transportes públicos carecendo de autorización, aínda cando se leve a bordo do vehículo unha autorización ou licencia, ou unha copia destas, que se encontre caducada, revogada ou que por calquera outra causa perdese a súa validez ou debera ter sido devolta á Administración en cumprimento de normas legal ou regulamentariamente establecidas.

1.10 A realización de transporte público ó abeiro de autorizacións que unicamente habiliten para efectuar un tipo de transporte de características distintas do efectivamente realizado.

Non se apreciará a infracción tipificada neste punto cando esta concorra coas sinaladas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

2. A realización de transporte público, ou de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, incumprindo algún dos requisitos esixidos no artigo 42.1.

3. A realización de transporte público ou das súas actividades auxiliares e complementarias, incumprindo algún dos requisitos esixidos nas alíneas b) e c) do artigo 48.

4. A cesión ou autorización, expresa ou tácita, de títulos habilitantes por parte dos seus titulares a prol doutras persoas.

5. O abandono das concesións de transporte regular de viaxeiros ou a paralización dos seus servicios sen causa xustificada durante o prazo que regulamentariamente se determine, sen o consentimento da Administración.

6. A negativa ou obstrución á actuación dos servicios de inspección que imposibiliten total ou parcialmente o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas, así como a desatención total ou parcial ás instrucións ou

requirimentos dos membros da Inspección do Transporte Terrestre ou das forzas que legalmente teñen atribuída a vixilancia da dita clase de transporte.

7. O quebrantamento das ordes de inmovilización ou precintaxe de vehículos ou locais, así como a desatención ós requirimentos formulados pola Administración nos termos sinalados no artigo 144.2.

8. A falsificación de títulos administrativos habilitantes para a realización de transporte terrestre ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias, ou dalgún dos datos que deban constar naqueles.

A responsabilidade pola dita infracción corresponderá tanto ás persoas que falsificasen o título, ou colaborasen na súa falsificación ou comercialización a sabendas do carácter ilícito da súa actuación, como ás que o utilizasen para encubri-la realización de transportes ou actividades non autorizadas.

9. O falseamento dos documentos que teñan que ser achegados como requisito para a obtención de calquera título, certificación ou documento que teña que ser expedido pola Administración a favor do solicitante ou de calquera dos datos que deban constar naqueles.

10. A manipulación do aparello de control dos tempos de conducción e descanso ou dos seus elementos, do limitador de velocidade ou outros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo destinada a altera-lo seu normal funcionamento, así como a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a altera-lo correcto funcionamento dos correspondentes instrumentos de control ou modifica-las súas mediacións, aínda cando uns ou outros non se encontren en funcionamento no momento de se realiza-la inspección.

A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto ás persoas que manipulasen o aparello ou instrumento de que se trate, ou colaborasen na súa manipulación, instalación ou comercialización, como ó transportista que os teña instalados nos seus vehículos.

11. A carencia do aparello de control dos tempos de conducción e descanso, do limitador de velocidade ou dos seus elementos ou outros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo.

12. A carencia significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no aparello de control dos tempos de conducción e descanso ou nas tarxetas dos condutores que exista a obriga de conservar na sede da empresa.

13. A falsificación de follas de rexistro, tarxetas de conductor ou outros elementos ou medios de control que exista a obriga de levar no vehículo, así como o falseamento do seu contido ou alteración das mencións obrigatorias da folla de rexistro ou tarxeta do conductor.

A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto ás persoas que os falsificasen ou colaborasen na súa falsificación, falseamento ou comercialización como ó transportista que os utilizase nos seus vehículos.

14. O falseamento de calquera documento contable, estatístico ou de control que a empresa se encontre obrigada a levar ou dos datos que figuren neles.

15. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

15.1 A falta de explotación do servizo polo propio concesionario, salvo os supostos de colaboración expresamente permitidos.

15.2 O incumprimento dos tráficos, itinerario, expedicións ou puntos de parada establecidos cando non constitúa abandono da concesión nos termos sinalados no punto 5 deste artigo.

15.3 Denega-la venda de billetes ou o acceso ó vehículo ós que os adquirisen, salvo que se dean circunstancias legal ou regulamentariamente establecidas que o xustifiquen.

Especialmente considerárase incluído na anterior circunstancia impedir ou dificultar-lo acceso ou utilización dos servizos de transporte a persoas discapacitadas, aínda no suposto de que non exista obriga de que o vehículo se encontre especialmente adaptado para isto, sempre que, neste último suposto, estas persoas acheguen os medios que lles resulten precisos para acceder e abandonar-lo vehículo e instalarse nunha praza ordinaria.

15.4 A realización do servizo transbordando inxustificadamente os usuarios durante a viaxe.

15.5 O incumprimento do réxime tarifario.

16. A realización de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso especial cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

16.1 Nos transportes de uso especial de escolares e de menores, a ausencia dunha persoa maior de idade idónea, distinta do conductor, encargada do coidado dos menores.

16.2 Nos transportes de uso especial de escolares e de menores, a falta de praza ou asento para cada menor, así como a inexistencia de prazas próximas ás portas de servizo que sexan necesarias para persoas de mobilidade reducida.

16.3 A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso especial incumprindo calquera das condicións sinaladas na correspondente autorización co carácter de esenciais cando este incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira nesta lei.

17. A realización de transportes discrecionais de viaxeiros e mercadorías cando se incumpra algún dos seguintes requisitos:

17.1 A autonomía económica e de dirección na explotación dos servizos por parte do titular da autorización, xestionando o transporte ó seu risco e ventura, cos medios persoais e materiais integrantes da súa propia organización empresarial.

17.2 A obriga do titular da autorización ou licenciamiento de transporte de asumir-la posición de transportista en tódolos contratos de transporte que realice ó abeiro da dita autorización ou licenciamiento.

18. A realización de actividades de axencia de transporte, transitario ou almacenista distribuidor cando se incumpra algún dos seguintes requisitos:

18.1 A realización da actividade de intermediación na contratación de transportes terrestres en calidade de comisionista en nome propio, contratando no seu propio nome cos cargadores ou usuarios e os titulares de autorizacións de transporte, asumindo fronte a aqueles a posición de transportista e fronte a estes as obrigas e responsabilidades propias do cargador.

18.2 A realización da actividade en locais autorizados ou comunicados nos termos legal ou regulamentariamente establecidos.

19. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes nas porcentaxes que a seguir se citan:

M.M.A.	Exceso total — Porcentaxe	Exceso sobre un eixe — Porcentaxe
De máis de 20 t	+ 15	+ 30
De máis de 10 t a 20 t.	+ 20	+ 40
De ata 10 t	+ 25	+ 50

Cando, non obstante se ter expedido en relación co transporte de que se trate unha autorización especial de circulación outorgada conforme a lexislación vixente na materia, aquel se realizase excedendo os límites de masa sinalados nesa autorización especial, esta considerárase sen efecto e, en consecuencia, unicamente se terá en conta para cualificar esta infracción a masa máxima permitida en aplicación das regras xerais contidas na dita normativa.

A responsabilidade pola dita infracción, cando se exceda a masa máxima total autorizada dos vehículos, corresponderá tanto ó transportista como ó cargador, ó expedidor e ó intermediario, agás que algún deles xustifique respecto a si mesmo a existencia de causas de inimputabilidade.

Cando se trate de excesos de peso por eixe, a responsabilidade corresponderá a quen realizase a estiba a bordo do vehículo.

Cando se trate dun transporte de paquetería ou mudanzas, presumírase, agás proba en contrario, a concorrencia de causas de inimputabilidade respecto do cargador e o expedidor.

20. O exceso superior ó 50 por cento nos tempos máximos de conducción ou de conducción ininterrompida, así como a minoración superior á dita porcentaxe dos períodos de descanso obrigatorios.

21. A realización das operacións de carga, estiba, desestiba ou descarga polo propio conductor do vehículo contravindo as limitacións que, se é o caso, resulten de aplicación de conformidade co disposto no artigo 22.5. A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto á empresa baixo a dirección da cal actúe o conductor do vehículo como, se é o caso, ó cargador ou remitente, expedidor, operador de transporte e consignatario ou destinatario, salvo que algún deles xustifique respecto de si mesmo a existencia de causas de inimputabilidade.

22. Non levar inserida a correspondente folla de rexistro ou tarxeta do conductor no aparello de control dos tempos de conducción e descanso, cando isto resulte esixible, levar inserida unha folla de rexistro sen ter anotado o nome e apelidos do conductor ou levar inseridas as follas de rexistro ou tarxetas correspondentes a outro conductor.

23. O incumprimento da obriga de subscribi-los seguros que resulten preceptivos conforme o disposto no artigo 21.

24. A carencia de follas de rexistro do aparello de control dos tempos de conducción e descanso que exista obriga de levar no vehículo.

Considerárase, así mesmo, incluída nesta infracción a falta de realización daquelas anotacións manuais relativas á actividade do conductor que exista obriga de levar a cabo por parte deste cando o tacógrafo estea avariado.

25. A realización de transportes, carga ou descarga de mercadorías perigosas cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

25.1 Utilizar cisternas que presenten fugas, salvo que se acredite que estas non existían ou non foron advertidas antes de iniciarse o transporte e

que a contía das perdas en relación coa natureza da mercadoría transportada non xustificaba a interrupción daquel.

25.2 Carecer do certificado de aprobación do vehículo expedido polo organismo competente de onde se acredite que este responde ás prescricións regulamentariamente esixibles para o transporte ó que vai destinado, levalo caducado ou levar un distinto ó esixido regulamentariamente.

25.3 Utilizar vehículos que non cumpran as condicións técnicas regulamentarias esixidas para o transporte de determinadas mercadorías.

25.4 Non levar a bordo do vehículo os documentos de transporte ou acompañamento ou non indicar nestes a mercadoría perigosa transportada.

25.5 Transportar mercadorías perigosas, en condicións distintas ás fixadas pola regulamentación sobre o transporte deste tipo de materias, sen a correspondente excepción ou permiso excepcional.

25.6 Carecer de paneis, placas ou etiquetas de perigo ou calquera sinalización esixible.

25.7 Non levar na cabina do vehículo as instrucións escritas para casos de accidentes correspondentes á materia que se transporta.

25.8 Incumpri-las prohibicións de cargamento en común nun mesmo vehículo.

25.9 Incumpri-las limitacións das cantidades que hai que transportar.

25.10 Utilizar envases ou embalaxes non homologados, gravemente deteriorados, que presenten fugas ou que carezan dalgún dos requisitos técnicos esixidos.

25.11 Incumpri-las normas de embalaxe en común nun mesmo vulto.

25.12 Incumpri-las normas sobre o grao de enchedura.

25.13 Indicar inadecuadamente nos documentos de transporte ou acompañamento a mercadoría perigosa transportada.

25.14 Entregarlle ó transportista instrucións escritas para casos de accidentes inadecuadas en relación coa materia que se transporta, así como a falta de certificación do expedidor sobre o cumprimento da normativa vixente no transporte.

25.15 Transportar mercadorías suxeitas a autorización previa carecendo dela.

25.16 Utilizar paneis, placas ou etiquetas de perigo inadecuadas en relación coa mercadoría transportada.

25.17 Incumprir durante as operacións de carga ou descarga a prohibición de fumar no curso das manipulacións, nas proximidades dos vultos colocados en espera de manipular, na proximidade dos vehículos parados e no interior destes.

25.18 Incumpri-la obriga de conectar á terra os vehículos cisterna, nas manobras de carga ou descarga, cando sexa esixible.

25.19 Non informar sobre a inmovilización do vehículo a causa de accidente ou incidente grave, ou deixar de adopta-las medidas de seguridade e protección, excepto no caso de imposibilidade.

25.20 Mestura-las instrucións escritas para casos de accidente da mercadoría que se transporta coas doutros produtos.

25.21 Transportar, cargar ou descargar mercadorías perigosas carecendo as empresas involucradas do preceptivo conselleiro de seguridade ou, aínda téndoo, que este non se encontre habilitado para a materia ou actividade de que se trate.

25.22 Non remitir-las ás autoridades competentes o informe anual ou os partes de accidentes cando isto resulte obrigatorio.

25.23 Non conserva-las empresas os informes anuais durante o prazo legalmente establecido, non os tendo remitido ós órganos competentes.

A responsabilidade pola comisión das infraccións recollidas neste punto corresponderá: ó transportista e ó cargador polas infraccións dos puntos 25.1 e 25.2; ó transportista, ó cargador ou expedidor, se é o caso, polas infraccións dos puntos 25.3 a 25.7; ó cargador ou expedidor, se é o caso, polas infraccións dos puntos 25.8 a 25.16; ó cargador ou descargador, segundo o caso, polas infraccións dos puntos 25.17 e 25.18; ó transportista polas infraccións dos puntos 25.19 e 25.20, e á empresa, obrigada a ter conselleiro de seguridade, polas infraccións dos puntos 25.21 a 25.23.

Non obstante, o transportista quedará exento de responsabilidade pola comisión da infracción tipificada no punto 25.6 se se acredita que, dadas as circunstancias de carga, el non puido detecta-la falta de etiquetas de perigo nos vultos ou envases.

Para os efectos previstos neste punto e no artigo 141.24, terá a consideración de expedidor a persoa física ou xurídica por orde e conta da cal se realiza o envío da mercadoría perigosa, figurando como tal na carta de porte, e de cargador descargador, a persoa física ou xurídica baixo a responsabilidade da cal se realizan as operacións de carga ou descarga da mercadoría perigosa.

26. A realización de transportes de produtos alimenticios ou mercadorías perecedoiras cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

26.1 Transportar mercadorías perecedoiras que, conforme a normativa específica aplicable, deban ser transportadas a temperatura regulada, en vehículos ou recipientes que, polas súas condicións técnicas, non poidan alcanza-la temperatura esixida para o seu transporte.

26.2 Carecer do certificado de conformidade para o transporte de mercadorías perecedoiras ou telo caducado ou falseado.

26.3 Cargar produtos que necesiten regulación de temperatura durante o transporte a unha temperatura distinta da esixida durante este.

26.4 Transportar produtos que necesiten regulación de temperatura durante o transporte a unha temperatura distinta da esixida durante este.

26.5 Efectuar manobras de transporte, carga ou descarga en condicións distintas ás esixidas nos regulamentos que regulen tales circunstancias.

26.6 Transportar produtos alimenticios incumprindo as condicións de sanidade ou hixiene legal ou regulamentariamente establecidas.

A responsabilidade pola comisión das infraccións recollidas neste número corresponderá: ó transportista e a quen figure como expedidor no documento de transporte, ou de non existir este, á persoa física ou xurídica que contratase co transportista polas infraccións dos puntos 26.1 e 26.2; a quen figure como expedidor, ou de non existir este, á persoa física ou xurídica que contratase co transportista pola infracción do punto 26.3; ó transportista polas infraccións dos puntos 26.4 e 26.6, e ó transportista, expedidor ou destinatario, ou de non existiren estes últimos, á persoa física ou xurídica que figure como expedidor ou destinatario no documento de transporte, pola infracción do punto 26.5.

Artigo 141.

Considéranse infraccións graves:

1. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

1.1 Non dispor do número mínimo de vehículos ou o incumprimento por estes das condicións esixidas no título concesional.

1.2 Non presta-los servicios suplementarios ofertados polo adxudicatario da concesión e recollidos no título concesional.

1.3 Incumpri-la obriga de transporte gratuito da equipaxe dos viaxeiros nos supostos e ata o límite en que isto resulte obrigatorio.

1.4 Vender un número de prazas por vehículo superior ó das autorizadas no título concesional.

1.5 Realizar transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral incumprindo calquera das condicións sinaladas no título concesional ou autorización especial co carácter de esenciais cando este incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira nesta lei.

2. O incumprimento da obriga de devolver á Administración unha autorización ou licenza de transporte, algunha das súas copias ou calquera outra documentación cando, por ter sido caducada, revogada ou por calquera outra causa legal ou regulamentariamente establecida, debера ter sido devolta, sempre que o documento de que se trate conserve aparencia de validez.

3. O arrendamento de vehículos con conductor fóra das oficinas ou locais que regulamentariamente se determinen, así como a busca ou recollida de clientes que non fosen contratados previamente.

4. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes nas porcentaxes que a seguir se citan:

M.M.A.	Exceso total — Porcentaxe	Exceso sobre un eixe — Porcentaxe
De máis de 20 t	+ 6 ata o 15	+ 25 ata o 30
De máis de 10 t a 20 t	+ 10 ata o 20	+ 35 ata o 40
De ata 10 t	+ 15 ata o 25	+ 45 ata o 50

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación as regras establecidas no artigo 140.19.

5. O inadecuado funcionamento imputable ó transportista do aparello de control dos tempos de conducción e descanso, do limitador de velocidade ou os seus elementos ou outros instrumentos ou medios de control que exista a obriga de levar instalados no vehículo, cando non teña que ser cualificada como moi grave de conformidade co establecido no artigo 140.10, ou non pasa-la revisión periódica destes nos prazos e forma legal ou regulamentariamente establecidos.

6. O exceso superior ó 20 por cento nos tempos máximos de conducción ou de conducción ininterrompida, así como a minoración superior á dita porcentaxe nos períodos de descanso establecidos, salvo que o dito exceso ou defecto deba ser considerado infracción moi grave, de conformidade co previsto no artigo 140.20.

7. A utilización dunha mesma folla de rexistro durante varias xornadas cando isto dera lugar á superposición de rexistros que impidan a súa lectura.

8. O incumprimento por parte do conductor da obriga de realizar por si mesmo determinadas entradas manuais ou anotacións no aparello de control dos tempos de conducción e descanso ou nas follas de rexistro, naqueles supostos en que tal obriga se encontre regulamentariamente establecida, sal-

vo que se deba cualificar como moi grave de conformidade co establecido nos puntos 22 e 24 do artigo 140 ou como leve por se daren as circunstancias previstas no punto 5 do artigo 142.

9. A utilización no aparello de control dos tempos de conducción e descanso de máis dunha folla de rexistro durante unha mesma xornada pola mesma persoa, salvo cando se cambie de vehículo e a folla de rexistro utilizada no aparello do primeiro vehículo non se encontre homologada para a súa utilización no do segundo.

10. A obstrución que dificulte gravemente a actuación dos servicios de inspección cando non concorra algún dos supostos que, conforme o sinalado no punto 6 do artigo anterior, implicarían que esta obstrución debера ser cualificada como infracción moi grave.

11. A carencia non significativa de follas de rexistro ou de datos rexistrados no aparello de control dos tempos de conducción e descanso ou nas tarxetas dos condutores que exista obriga de conservar na sede da empresa á disposición da Administración.

12. A falta de anotación de alta no rexistro a que fai referencia o artigo 53 desta lei por parte das cooperativas de transportistas e sociedades de comercialización.

13. A realización de transportes privados carendo da autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras do transporte terrestre, agás que a dita infracción se deba cualificar como leve ó abeiro do disposto no artigo 142.8.

Considerarase que carece de autorización quen non realízase o seu visado regulamentario, incluso cando se produza polo suposto regulado no artigo 146.5.

14. A prestación de servicios públicos de transporte, utilizando a mediación de persoas físicas ou xurídicas non autorizadas para esta mediación, sen prexuízo da sanción que ó mediador lle poida corresponder de conformidade co previsto no artigo 140.1.

15. A convivencia en actividades de mediación non autorizadas ou na venda de billetes para servicios de transporte de viaxeiros non autorizados en locais ou establecementos públicos destinados a outros fins. A responsabilidade corresponderá ó titular da industria ou servicio ó que estea destinado o local.

16. A venda de billetes para servicios de transporte de viaxeiros non autorizados e, en xeral, a mediación en relación cos servicios ou actividades non autorizados, sen prexuízo de cualifica-la infracción como moi grave, de conformidade co artigo 140.1, cando non se posúa título habilitante para realizar actividades de mediación.

17. O incumprimento do réxime tarifario regulamentariamente establecido, salvo que, por tratarse dun transporte público regular de viaxeiros de uso xeral, se deba cualificar como infracción moi grave de conformidade co establecido no artigo 140.15.5.

18. O reiterado incumprimento inxustificable superior a 15 minutos dos horarios de saída nas cabeceiras das liñas de servicios públicos regulares de transporte de viaxeiros de uso xeral, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen.

19. A carencia, falta de dilixenciado ou falta de datos esenciais da documentación de control, estatística ou contable que sexa obrigatorio cubrir,

así como a ocultación ou falta de conservación desta e demora inxustificada da posta en coñecemento ou a falta de comunicación do seu contido á Administración, incumprindo o que para o efecto se determine regulamentariamente, salvo que deba ser cualificada como infracción moi grave de conformidade co disposto nos puntos 6, 14, 22 ó 24 do artigo 140.

Especialmente considerárase constitutiva desta infracción a carencia do preceptivo documento en que se deban formula-las reclamacións dos usuarios e a negativa ou obstaculización ó seu uso polo público, así como a ocultación ou demora inxustificada da posta en coñecemento da Inspección do Transporte das reclamacións ou queixas consignadas no dito documento, de acordo co que regulamentariamente se determine.

20. O incumprimento, por parte do destinatario ó que se lle entregasen as mercadorías, da obriga de as pór á disposición dunha xunta arbitral do transporte, cando sexa requirido para o efecto pola dita xunta no exercicio das funcións que ten encomendadas para actuar como depositaria.

21. A realización de servizos de transporte público de viaxeiros en automóviles de turismo iniciados en termo municipal distinto ó que corresponda a licenza de transporte urbano, salvo nos supostos regulamentariamente exceptuados.

22. A utilización por parte do arrendatario de vehículos industriais arrendados con ou sen conductor sen levar a bordo o contrato de arrendamento ou unha copia deste, ou levalo sen cubrir, así como a falta de canta outra documentación resulte obrigatoria para acreditar-la correcta utilización do vehículo.

23. O incumprimento polos titulares de autorizacións de transporte público sanitario das esixencias de dispoñibilidade temporal para a prestación do servizo que regulamentariamente se encontren determinadas, salvo causa xustificada.

24. A realización de transportes, carga ou descarga de mercadorías perigosas cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

24.1 Transportar mercadorías perigosas incumprindo as condicións establecidas na excepción ou permiso excepcional para mercadorías transportadas de forma distinta á recollida na regulamentación sobre mercadorías perigosas.

24.2 Non incluír nos documentos de acompañamento ou indicar inadecuadamente algún dos datos que regulamentariamente deben figurar neles.

24.3 Non respecta-las condicións de illamento, estiba, protección ou segregación da carga regulamentariamente establecidas.

24.4 Non realizar nas plantas cargadoras ou descargadoras as comprobacións que sexan obrigatorias antes, durante e despois da carga.

24.5 Transportar viaxeiros en unidades que transporten mercadorías perigosas fóra dos supostos nos que as normas reguladoras desta clase de transportes o permitan.

24.6 Transportar mercadorías perigosas en vehículos de viaxeiros en cantidades non permitidas.

24.7 Carecer dos extintores que resulte obrigatoria levar en relación co vehículo ou a carga, ou dispor destes en condicións que non permitan ou garantan a súa correcta utilización.

Consideraranse incluídos neste punto aqueles supostos nos que os extintores non estean provistos do correspondente precinto, salvo que se

acredite o seu bo funcionamento ou caducase o prazo para face-la súa inspección.

24.8 Incumprimento do equipamento do vehículo ou do conductor que resulte obrigatoria conforme a lexislación española ou internacional que en cada caso resulte de aplicación.

24.9 Carecer do certificado de limpeza da cisterna nos casos que sexa necesario.

24.10 Remitir-lles ás autoridades competentes o informe anual ou os partes de accidentes fóra dos prazos legalmente establecidos.

24.11 Non lles proporcionar ós traballadores que interveñen no manexo de mercadorías perigosas a formación adecuada para previr riscos ocasionais.

A responsabilidade pola comisión das infraccións recollidas neste punto corresponderalles: ó transportista e ó cargador ou expedidor, se é o caso, pola infracción do punto 24.1; ó cargador ou expedidor, se é o caso, pola infracción do punto 24.2; ó cargador ou descargador, segundo o caso, polas infraccións dos puntos 24.3 e 24.4; ó transportista polas infraccións dos puntos 24.5 a 24.8; ó transportista e ó cargador ou descargador, se é o caso, pola infracción recollida no punto 24.9, e á empresa, obrigada a ter conselleiro de seguridade, polas infraccións dos puntos 24.10 e 24.11.

25. O incumprimento polos centros de formación das condicións esixidas para efectos de homologación como entidades ou cursos de renovación do certificado de conselleiro de seguridade.

26. A realización de transportes de mercadorías perecedoiras con vehículos que carezan da placa de certificación de conformidade.

27. A contratación do transporte con transportistas ou intermediarios que non se encontren debidamente autorizados.

28. O incumprimento polas empresas arrendadoras de vehículos sen conductor da obriga de esixi-la correspondente autorización de transporte ó arrendatario, nos casos previstos no artigo 136, e das condicións esixibles para a realización de súa actividade regulamentariamente previstas.

29. O incumprimento das condicións establecidas no título concesional, autorización ou regulamento de explotación das estacións de autobuses.

30. A prestación de servizos de transporte con vehículos que incumpran as prescricións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que, en cada caso, lles resulten de aplicación.

31. Calquera das infraccións previstas no artigo anterior cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non deba ser cualificada como moi grave, debendo xustificarse a existencia das ditas circunstancias e motivarse a resolución correspondente.

Artigo 142.

Consideraranse infraccións leves:

1. A falta de comunicación de calquera dato ou circunstancia que deba figurar no rexistro a que fai referencia o artigo 53 desta lei ou que exista obriga por outra causa de pór en coñecemento da Administración, de acordo co que regulamentariamente se determine, salvo que esta infracción deba ser cualificada como grave conforme o establecido no 141.12.

2. O exceso sobre a masa máxima autorizada dos vehículos ou dalgún dos seus eixes, nas porcentaxes seguintes:

M.M.A.	Exceso total — Porcentaxe	Exceso sobre un eixe — Porcentaxe
De máis de 20 t	+2,5 ata o 6	+20 ata o 25
De máis de 10 t a 20 t .	+5 ata o 10	+30 ata o 35
De ata 10 t	+6 ata o 15	+40 ata o 45

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación as regras establecidas no artigo 140.19.

3. O exceso nos tempos máximos de condución ou da condución ininterrompida, así como a minoración dos períodos de descanso ou pausa establecidos, salvo que deba ser considerado infracción grave ou moi grave.

4. A utilización de follas de rexistro non homologadas ou que resulten incompatibles co aparello de control utilizado, así como a utilización dunha tarxeta de conductor caducada.

5. O incumprimento por parte do conductor da obriga de realizar por si mesmo determinadas entradas manuais ou anotacións no aparello de control dos tempos de condución e descanso ou nas follas de rexistro, naqueles supostos en que tal obriga se encontre regulamentariamente establecida, cando, non obstante non se teren realizado as anotacións oportunas, resulte posible deducir ben do propio aparello de control ou das follas de rexistro inmediatamente anteriores e posteriores cál deba ter sido o seu contido.

6. A carencia dos preceptivos rótulos ou avisos de obrigada exhibición para coñecemento do público usuario.

7. O incumprimento nos transportes interurbanos de viaxeiros contratados por praza con pagamento individual da obriga de expedir billetes, das normas establecidas para o seu despacho ou devolución, así como expedilos sen as mencións esenciais.

8. A realización de transportes públicos ou privados ou algunha das súas actividades auxiliares ou complementarias carecendo da autorización ou licenza que, se é o caso, resulte preceptiva para isto de conformidade coas normas reguladoras dos transportes terrestres, sempre que esta se solicítase, acreditando o cumprimento de tódolos requisitos esixidos para o seu outorgamento, no prazo máximo de 15 días, contados desde a notificación do inicio do expediente sancionador.

9. A realización de transportes públicos ou privados sen levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestalos ou que resulte esixible para a determinación da clase de transporte que se está realizando, salvo que esta infracción deba ser cualificada como moi grave ou grave conforme o disposto nos artigos 140.1 e 141.13.

10. O arrendamento de vehículos sen conductor fóra das oficinas ou locais que regulamentariamente se determinen, así como non subscribir de forma independente un contrato por cada arrendamento de vehículos que a empresa efectúe.

11. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral incumprindo o calendario establecido.

12. A realización de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso especial incumprindo o itinerario, calendario, horario, expedicións, puntos de parada ou algún dos requisitos establecidos na correspondente autorización de uso especial.

Así mesmo, no transporte de escolares e menores, o incumprimento das obrigas sobre parada de vehículos no centro escolar e acceso e abandono dos vehículos nos termos regulados nas normas sobre seguridade nesta clase de transportes.

13. O trato desconsiderado de palabra ou obra cos usuarios por parte do persoal da empresa no transporte de viaxeiros.

14. No transporte escolar e de menores, o incumprimento da obriga de esixir-la entidade contratante ó transportista os documentos ou xustificantes que, de acordo coas normas que regulan a seguridade nos ditos transportes, deba esixirille.

15. A saída dos vehículos dedicados ó arrendamento con conductor do lugar no que habitualmente se encontren gardados ou estacionados sen levar a bordo a folla de ruta ou levándoa sen cubrir, agás os supostos exceptuados regulamentariamente. Non se apreciará esta infracción cando ela corresponda coa establecida no artigo 141.22.

16. O incumprimento por parte das empresas que interveñan na contratación e realización de transportes de mercadorías perigosas das seguintes obrigas:

16.1 Incluir nos informes anuais e partes de accidentes algún dos datos esixibles pola normativa vixente.

16.2 Comunicarlles ós órganos competentes a identidade dos conselleiros de seguridade con que conte a empresa e as súas áreas de responsabilidade, posuíndoos.

16.3 Conservar por parte das empresas os informes anuais, durante o prazo regulamentariamente establecido, sempre que fosen remitidos ós órganos competentes.

17. A realización de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral ou especial incumprindo calquera das condicións sinaladas no título concesional ou autorización especial sen o carácter de esenciais cando este incumprimento non se encontre expresamente tipificado doutra maneira nesta lei.

18. A carencia dos distintivos ou rótulos esixidos pola normativa vixente, relativos á natureza ou ó tipo de transporte que aquel estea autorizado a realizar, levalos en lugar non visible ou en condicións que dificulten a súa percepción, utilízalos de forma inadecuada ou levar en lugar visible do vehículo o distintivo correspondente a un ámbito territorial ou clase de transporte para a realización do cal non se encontre facultado polo necesario título habilitante.

19. No transporte de viaxeiros, a carencia de cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade que, se é o caso, se encontre regulamentariamente determinada.

20. O incumprimento polos usuarios das obrigas que lles correspondan, conforme as regras de utilización do servizo establecidas de conformidade co disposto nos artigos 40.2 e 41.1, salvo que as normas en que se conteñan estas regras consideren expresamente o seu incumprimento como infracción grave.

En todo caso, considerarase constitutivo da infracción tipificada neste punto o incumprimento polos usuarios dos transportes de viaxeiros das seguintes prohibicións:

20.1 Impedir ou forza-la apertura ou peche das portas de acceso ós vehículos.

20.2 Manipular os mecanismos de apertura ou peche das portas de acceso ó vehículo ou de cal-

quera dos seus compartimentos previstos para o seu accionamento exclusivo polo persoal da empresa transportista.

20.3 Facer uso sen causa xustificada de calquera dos mecanismos de seguridade ou socorro instalados no vehículo para casos de emerxencia.

20.4 Abandona-lo vehículo ou acceder a este fóra das paradas se é o caso establecidas para o efecto, salvo causa xustificada.

20.5 Realizar, sen causa xustificada, calquera acto susceptible de distraer-la atención do condutor ou entorpece-lo seu labor cando o vehículo se encontre en marcha.

20.6 Viaxar en lugares distintos ós habilitados para os usuarios.

20.7 Fumar nos vehículos e en lugares distintos ós habilitados para tal fin en estacións de transporte nos termos que resulten da normativa específica sobre a materia.

20.8 Viaxar sen título de transporte ou con título que resulte insuficiente en función das características da viaxe e condicións de utilización previstas na correspondente concesión ou autorización, así como o uso indebido do título que se posúa.

20.9 Toda acción inxustificada que poida implicar deterioración ou causar sucidade nos vehículos ou estacións de transporte.

21. A realización da actividade de arrendamento de vehículos con condutor con vehículos que leven publicidade ou signos externos identificativos, salvo nos supostos regulamentariamente exceptuados.

22. A realización do transporte con vehículos alleos sobre os que non se teñan as condicións de dispoñibilidade legalmente esixibles, así como utilizar para o transporte vehículos arrendados a outros transportistas ou utiliza-la colaboración destes fóra dos supostos ou incumprindo as condicións legalmente establecidas, salvo que deba ser considerada infracción moi grave, de conformidade co disposto no punto 1 do artigo 140. En idéntica infracción incorrerán as empresas que actúen como colaboradores, incumprindo as obrigas que as afecten.

23. A realización de transporte de mercadorías perigosas cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

23.1 Non levar a bordo do vehículo os documentos obrigatorios relativos a este, posuíndoos.

23.2 Carece-lo vehículo das placas de identificación de características cando sexan esixibles ou levalas ilexibles, deterioradas ou carecendo dalgunha das mencións esenciais.

A responsabilidade pola comisión das infraccións recollidas neste número corresponderalle ó transportista ou, se é o caso, ó titular do vehículo.

24. A realización de transporte de mercadorías perecedoiras cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

24.1 Non levar a bordo do vehículo os documentos obrigatorios relativos a el, posuíndoos.

24.2 Non levar no vehículo as marcas de identificación e indicacións regulamentarias ou levalas en lugares distintos ós establecidos.

A responsabilidade pola comisión das infraccións recollidas neste punto corresponderalle ó transportista ou, se é o caso, ó titular do vehículo.

25. Calquera das infraccións previstas no artigo anterior cando, pola súa natureza, ocasión ou circunstancias, non deba ser cualificada como grave,

debéndose xustifica-la existencia das ditas circunstancias e motivarse a resolución correspondente.

Artigo 143.

1. As sancións polas infraccións tipificadas nos artigos anteriores graduaranse de acordo coa repercusión social do feito infractor, a intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a magnitude do beneficio ilícitamente obtido e a reincidencia ou habitualidade na conducta infractora, conforme as regras e dentro das límites seguintes:

a) Sancionaranse con apercibimento ou multa de ata 200 euros as infraccións previstas nos puntos 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24 do artigo 142.

b) Sancionaranse con multa de 201 a 300 euros as infraccións previstas nos puntos 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17 do artigo 142.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea a) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

c) Sancionaranse con multa de 301 a 400 euros as infraccións previstas nos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 142.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea b) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

d) Sancionaranse con multa de 401 a 1.000 euros as infraccións previstas nos puntos 25, 26, 27, 28, 29 e 30 do artigo 141.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea c) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

e) Sancionaranse con multa de 1.001 a 1.500 euros as infraccións previstas nos puntos 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24 do artigo 141.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea d) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión doutra infracción grave tipificada no mesmo punto ou calquera das moi graves das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

f) Sancionaranse con multa de 1.501 a 2.000 euros as infraccións previstas nos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 do artigo 141.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea e) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción grave tipificada no mesmo punto ou calquera das moi graves das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

g) Sancionaranse con multa de 2.001 a 3.300 euros as infraccións previstas nos puntos 24, 25 e 26 do artigo 140.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea f) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción grave tipificada no mesmo punto ou calquera das moi graves das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

h) Sancionaranse con multa de 3.301 a 4.600 euros as infraccións previstas nos puntos 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22 e 23 do artigo 140.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea g) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

i) Sancionaranse con multa de 4.601 a 6.000 euros as infraccións previstas nos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14 do artigo 140.

En idéntica contía se sancionarán as infraccións citadas na alínea h) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

j) Sancionaranse con multa de 6.001 a 18.000 euros as infraccións citadas na alínea i) cando o seu responsable xa fose sancionado, mediante resolución que poña fin á vía administrativa, pola comisión de calquera outra infracción moi grave das previstas nesta lei nos 12 meses anteriores.

k) Cando fora de aplicación o previsto nos artigos 141.31 e 142.25, a contía da sanción que se é o caso corresponda impor estar comprendida, respectivamente, dentro dos límites establecidos nas alíneas d), e) e f) e a) b) e c).

2. A comisión da infracción prevista no punto 2 do artigo 140 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de todas aquelas autorizacións de que fose titular o infractor para a obtención das cales resultaban esixibles os requisitos incumpridos.

A comisión da infracción prevista no punto 3 do artigo 140 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de tantas autorizacións ou copias certificadas das que fose titular o infractor como resulte preciso a fin de restablece-lo equilibrio regulamentariamente esixido entre número de autorizacións e cumprimento das condicións requiridas para a súa obtención e mantemento. Non obstante, cando o nivel de incumprimento do requisito de que se trate afectase a unha parte importante do conxunto da actividade do infractor, poderá implica-la perda de validez de todas aquelas autorizacións de que fose titular para a obtención das cales resultase esixible aquel. En todo caso, cando esta infracción se cometese por segunda vez no espazo de 12 meses, a sanción pecuniaria irá sempre acompañada da perda de validez da totalidade de autorizacións de que fose titular o infractor.

A comisión da infracción prevista no punto 4 do artigo 140 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a perda de validez de cantas autorizacións, licencias ou copias certificadas de idéntica clase á utilizada fose titular o transportista a nome do cal foi expedida pola Administración.

A comisión da infracción prevista no punto 5 do artigo 140 levará anexa, conxuntamente coa sanción pecuniaria que corresponda, a declaración de caducidade da concesión de que se trate e a inhabilitación para ser titular de ningunha concesión ou autorización de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral de nova creación no prazo de cinco anos. Tampouco poderá a empresa inhabilitada ter unha participación maioritaria no capital de ningunha outra que pretenda acceder á titularidade dalgunhas de tales concesións ou autorizacións.

A comisión das infraccións previstas nos puntos 1 e 8 do artigo 140 poderá implicar, independentemente da sanción pecuniaria que corresponda, a precintaxe do vehículo co que se realiza o transporte ou a clausura do local no que, se é o caso, se veña exercendo a actividade, en ámbolos supostos durante o prazo máximo dun ano, sen prexuízo do pagamento do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía.

Cando na comisión da infracción prevista no punto 10 do artigo 140, interviñesen talleres autorizados, con independencia da sanción que corresponda, proporáselle ó órgano competente a retirada da correspondente autorización.

3. Cando sexan detectadas durante a súa comisión en estrada infraccións que deban ser denunciadas de acordo co previsto nos puntos 1, 4, 6, 8, 10, 19 ó 20 do artigo 140, 4 ó 6 do artigo 141, ou ben algún dos excesos no tempo de conducción tipificados no punto 3 do artigo 142, sempre que neste último suposto a distancia que aínda deba percorre-lo vehículo para alcanza-lo seu destino sexa superior a 30 quilómetros, deberase ordena-la súa inmediata inmovilización ata que se supriman os motivos determinantes da infracción, salvo que concorran circunstancias ligadas á seguridade que aconsellen non facelo no caso concreto de que se trate. Para tal efecto, os membros da Inspección do Transporte Terrestre ou axentes das forzas actuantes que legalmente teñen atribuída a vixilancia deste terán que rete-la documentación do vehículo e, se é o caso, a da mercadoría, así como a correspondente autorización, ata que se emenden as causas que deron lugar á inmovilización, sendo, en todo caso, responsabilidade do transportista a custodia do vehículo, a súa carga e pertenzas.

En idénticos termos procederáse naqueles supostos nos que a inspección actuante retirase a folia de rexistro que viña sendo utilizada no aparello de control dos tempos de conducción e descanso durante a realización dun transporte e a empresa incumprise a obriga de levar a bordo outras de reposto, así como naqueles nos que retirase a tarxeta do conductor para o referido aparello.

Así mesmo, poderase ordena-la inmovilización dun vehículo cando sexan detectadas na estrada conductas infractoras nas que concorran circunstancias que poidan entrañar perigo para a seguridade.

Nos supostos de inmovilización de vehículos que transporten viaxeiros, e a fin de que estes sufran a menor turbación posible, será responsabilidade do transporte ó que se lle inmovilizou o vehículo busca-los medios alternativos necesarios para facer chega-los viaxeiros ó seu destino. De non facelo, estes medios poderán ser establecidos pola Administración. Os gastos que xere a adopción de tales medidas serán, en todo caso, por conta do transportista. Se se negar a satisfacerlos, quedará inmovilizado o vehículo ata que aqueles sexan satisfeitos, aínda que desaparecesen as causas da infracción.

4. Independentemente das sancións pecuniarias que correspondan de conformidade con esta lei, a resolución sancionadora en que se aprecie o incumprimento reiterado das circunstancias previstas nos puntos 15 ou 16 do artigo 140 poderá acorda-la caducidade da concesión ou autorización especial de que se trate con perda da fianza e sen prexuízo do pagamento do salario ou das indem-

nizacións que procedan. Así mesmo, a resolución sancionadora na que se aprecie o incumprimento reiterado das circunstancias previstas nos puntos 17 ou 18 do artigo 140 poderá dar lugar á perda de validez de cantas autorizacións sexa titular o infractor.

Para os efectos previstos neste punto, considerase que existe incumprimento reiterado cando a correspondente empresa fose sancionada, mediante resolucións que poñan fin á vía administrativa, pola comisión nun período dun ano de tres ou máis infraccións de carácter moi grave por vulneración das circunstancias previstas nos puntos 15, 16, 17 ó 18 do artigo 140.

5. A imposición das sancións que, se é o caso, correspondan será independente da posible obriga de indemnizar os danos e perdas causados.

Artigo 144.

1. A comisión de dúas ou máis infraccións das citadas nos puntos 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 140 no espazo dun ano implicará a inhabilitación do infractor durante un período de tres anos para ser titular de calquera clase de concesión, autorización ou licenza habilitante para o exercicio da actividade de transporte ou de calquera das súas actividades auxiliares e complementarias ou formar parte do consello de administración ou órgano equivalente dunha empresa que sexa titular de tales concesións, autorizacións ou licencias. Durante este período tampouco poderá o así inhabilitado achegar a súa capacitación profesional a ningunha empresa transportista ou de actividade auxiliar e complementaria do transporte.

A mencionada inhabilitación levará aparellada a caducidade de cantas concesións e a perda de validez de cantas autorizacións e licencias fose titular a empresa infractora, con carácter definitivo.

Para que se produza o suposto de reincidencia sinalado neste artigo, as sancións tidas en conta deberán ter sido impostas mediante resolución que poña fin á vía administrativa. O período de inhabilitación comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que se dictase a última destas resolucións.

2. En todos aqueles supostos nos que se constate a comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos puntos 10 ou 11 do artigo 140, ó 1.1, 1.2 e 5 do artigo 141, á notificación do inicio do expediente sancionador xuntarase un requirimento para que, no prazo dun mes, o titular da actividade acredite que rectificou a deficiencia constitutiva da infracción de que se trate e, cando así non o fixer, procederase a incoar un novo expediente sancionador, que se tramitará independentemente do anterior, pola comisión da infracción tipificada no artigo 140.7.

Artigo 145.

As infraccións da lexislación reguladora dos transportes terrestres prescribirán, de conformidade coas condicións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun ano.

As sancións da lexislación reguladora dos transportes terrestres prescribirán nos prazos e condicións establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 146.

1. A competencia para a imposición das sancións previstas neste capítulo corresponderá ós

órganos que legal ou regulamentariamente a teñan atribuída.

2. O procedemento para a imposición das sancións previstas nesta lei axustarase ás normas específicas que regulamentariamente se establezan, e no non previsto por estas, aplicarase o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Con obxecto de establecer a posible existencia dalgún dos supostos de reincidencia ou habitualidade na conducta infractora recollidos neste capítulo, a tramitación de todo procedemento sancionador pola comisión das infraccións tipificadas nesta lei deberá incluír expresamente a consulta ó Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte que permita coñecer se existen sancións previas que determinen esta reincidencia ou habitualidade.

O prazo máximo no que se deberá notificar a resolución do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data de iniciación do procedemento.

O procedemento para a imposición das sancións previstas nesta lei iniciarase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos ou por denuncia.

Os órganos das distintas administracións públicas competentes para sancionar as infraccións previstas nesta lei comunicarán ó Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte a que fai referencia o artigo 53 as sancións que impoñan, con obxecto de que se realice a pertinente anotación, no prazo máximo de 30 días, contados desde a resolución sancionadora que poña fin á vía administrativa.

3. As sancións pecuniarias poderanse facer efectivas conforme o que regulamentariamente se estableza.

En todos aqueles supostos nos que o interesado decida voluntariamente facer efectiva a sanción antes de que transcorran os 15 días seguintes á notificación do expediente sancionador, a contía pecuniaria da sanción inicialmente proposta reducirase nun 25 por cento.

O pagamento da sanción pecuniaria con anterioridade a que se dicte a resolución sancionadora equivalerá á terminación do procedemento, salvo naqueles supostos nos que leve aparellada unha sanción accesoria das previstas nos artigos 143 ou 144; neste caso deberase continuar o procedemento ata a súa terminación ordinaria por canto se refire á referida sanción accesoria. Incluso naqueles casos nos que o procedemento sancionador se dea por terminado desta maneira, o interesado poderá interpor idénticos recursos ós que lle correspondesen no suposto de que o procedemento rematase de forma ordinaria mediante resolución expresa.

4. Na imposición e execución de sancións por infraccións cometidas por persoas que non acrediten a súa residencia en territorio español serán de aplicación as regras que a seguir se establecen, xunto coas que, se é o caso, se sinalen regulamentariamente de forma expresa.

Cando, intentada a notificación no domicilio do denunciado, esta non se puidese practicar, esta notificación remitiráselle ó departamento ministerial competente en materia de transportes do país

no que resida para que lle dea traslado, considerándose así realizada definitivamente a notificación.

A comisión de faltas moi graves, de forma reiterada, por persoas que non acrediten a súa residencia en territorio español, con independencia das sancións previstas na lexislación comunitaria, poderán dar lugar á prohibición de entrada en territorio español durante un período de cinco anos. Considerarase, para estes efectos, que existe incumprimento reiterado cando a citada persoa fose sancionada mediante resolución que poña fin á vía administrativa pola comisión, nun período de dous anos, de cinco ou máis infraccións de carácter moi grave.

Cando as sancións impostas mediante resolución que poña fin á vía administrativa non sexan satisfeitas en período voluntario, poderase proceder, se o vehículo de que se trate quedase inmovilizado durante a tramitación do expediente, á súa venda en poxa pública, na forma que regulamentariamente se estableza, quedando o diñeiro obtido afecto ó pagamento do importe da sanción, dos gastos orixinados pola inmovilización e a poxa, así como dos gastos que se puideran ter producido como consecuencia do establecido no último parágrafo do artigo 143.3. O sobranse, se o houber, quedará á disposición da persoa denunciada.

5. En relación coa execución das sancións, serán de aplicación as normas específicas que regulamentariamente se establezan, e no non previsto por estas, aplicarase o establecido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Regulamento xeral de recadación.

O pagamento das sancións pecuniarias sinaladas nesta lei, impostas por resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para que proceda o outorgamento de novos títulos habilitantes para a realización de calquera clase de transporte interior ou internacional por estrada ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias, así como para a realización do visado, a transmisión ou a modificación de calquera daqueles de que xa fora titular o infractor.

Así mesmo, a realización do dito pagamento de sancións será requisito esixible para que proceda a autorización administrativa á transferencia dos vehículos cos que se cometesen as infraccións ás que as referidas sancións correspondan.

CAPÍTULO II

Instrumentos de control

Artigo 147.

1. Durante a realización dos servizos e actividades reguladas nesta lei deberán levarse a bordo do vehículo, debidamente cubertos, os documentos de control administrativo que, se é o caso, regulamentariamente se determinen. Nos transportes internacionais empregaranse os documentos de control establecidos nos convenios subscritos por España.

Os vehículos nos que os referidos servizos se realicen deberanse, pola súa parte, encontrar sinalizados mediante os rótulos e distintivos que, para a exacta identificación das características do servizo ou do título habilitante ó abeiro do cal se prestan, sexan esixidos regulamentariamente.

2. As persoas que realicen os servizos e actividades previstos nesta lei deberán cubrir e conservar no seu domicilio empresarial, durante o prazo que se estableza para os efectos previstos no

artigo 33.3, a documentación de carácter administrativo ou estatístico que, se é o caso, se determine regulamentariamente.

3. Para efectos de contabilidade, as empresas titulares de concesións ou autorizacións de transporte público regular de viaxeiros de uso xeral deberán tratar cada unha delas como unha actividade separada, xestionándoa como unha división contable independente, distinta de calquera outra actividade que realicen, esta ou non relacionada co transporte de viaxeiros.

Artigo 148.

Os vehículos destinados á realización de transporte por estrada deberán ter instalado e levar en funcionamento durante a súa prestación o aparello de control dos tempos de conducción e descanso, o limitador de velocidade, así como outros mecanismos ou instrumentos de control nos casos nos que así se esixa regulamentariamente ou resulte obrigatorio de conformidade coas disposicións contidas nos convenios internacionais subscritos por España ou na normativa directamente aplicable na Unión Europea.»

Disposición adicional primeira. *Coordinación coa Xefatura Central de Tráfico.*

No prazo máximo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, os ministerios de Fomento e do Interior adoptarán as medidas que resulten pertinentes para asegurar a fluidez no recíproco transvase de datos entre os sistemas de información dos rexistros existentes na Dirección Xeral de Transportes por Estrada e na de Tráfico, a fin de que, en todo momento, un e outro centro directivo coñezan:

a) A identidade da persoa ou persoas físicas ou xurídicas que posúan ou posúen en certo momento a titularidade dun determinado vehículo identificado pola súa matrícula.

b) A relación de vehículos, identificados polas súas respectivas matrículas, de que é ou foi titular en certo momento unha determinada persoa física ou xurídica.

c) As características relativas ó número de prazas, masa máxima autorizada e tara ou outros elementos técnicos ou de construción que consten no permiso de circulación dun determinado vehículo identificado pola súa matrícula.

d) A identidade da persoa ou persoas físicas ou xurídicas que posúan ou posúen en certo momento a titularidade dunha determinada autorización de transporte identificada polo seu número.

e) O número e a clase das autorizacións de transporte de que sexa ou fose titular en certo momento unha determinada persoa física ou xurídica, así como a matrícula dos vehículos ós que se é o caso se adscribiron tales autorizacións.

De conformidade co disposto no artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para o transvase de datos entre os sistemas de información sinalado nesta disposición non será necesario o consentimento do afectado.

Disposición adicional segunda. *Coordinación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Para efectos da comprobación do exacto cumprimento dos requisitos esixidos nos artigos 48, 95 e 102 desta lei, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e os órganos que teñan atribuídas funcións equivalentes nas

administracións das comunidades autónomas emitirán, a requirimento da Dirección Xeral de Transportes por estrada do Ministerio de Fomento e nos termos e cos requisitos establecidos pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias para o seu desenvolvemento, relación por medios informáticos ou telemáticos acerca do cumprimento de obrigas fiscais e inexistencia de débedas tributarias por parte das persoas físicas ou xurídicas titulares das concesións, autorizacións ou licencias habilitantes para a realización de transporte terrestre ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias.

Disposición adicional terceira. Coordinación coa Seguridade Social.

1. Para efectos da comprobación do exacto cumprimento dos requisitos esixidos nos artigos 48, 95 e 102 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e do que, en relación con estes, se especifica nas normas dictadas para o seu desenvolvemento, os órganos competentes da Seguridade Social emitirán, a requirimento da Dirección Xeral de Transportes por Estrada do Ministerio de Fomento, relación sobre soporte informático acerca do cumprimento das súas obrigas e a inexistencia de débedas coa dita entidade por parte das persoas físicas ou xurídicas titulares de concesións, autorizacións ou licencias habilitantes para a realización de transporte terrestre ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias.

2. Para os fins de inspección e control do cumprimento dos preceptos contidos nesta lei e nas normas dictadas para o seu desenvolvemento, os órganos competentes da Seguridade Social informarán, a requirimento dos Servicios de Inspección do Transporte Terrestre, acerca dos datos que figuran nos seus rexistros en relación cos seguintes extremos:

a) Réxime da Seguridade Social no que se encontra ou se encontraba en certo momento en situación de alta unha persoa física ou xurídica titular de concesións, autorizacións ou licencias habilitantes para a realización de transportes terrestres ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias, con indicación, se é o caso, da empresa na que presta ou prestaba os seus servizos e da súa categoría profesional.

b) Relación de traballadores que unha determinada persoa física ou xurídica titular de concesións, autorizacións ou licencias habilitantes para a realización de transportes terrestres ou dalgunha das súas actividades auxiliares e complementarias ten ou tiña en certo momento ó seu servizo e en situación de alta no sistema coa categoría e grupo de cotización correspondente ós condutores por conta allea.

De conformidade co disposto no artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para a emisión dos informes e relacións sinalados nesta disposición non será necesario o consentimento do afectado.

Disposición derradeira única.

Sen prexuízo do establecido no artigo 80 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a obriga establecida no

punto 3 do artigo 147 unicamente será esixible a partir do día 1 de xaneiro de 2004.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DO INTERIOR

18682 *REAL DECRETO 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas. («BOE» 242, do 9-10-2003.)*

A Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ó control dos riscos inherentes ós accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas, foi incorporada ó noso ordenamento xurídico a través do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, que veu derroga-lo Real decreto 886/1988, do 15 de xullo, que regulaba esta materia.

O Real decreto 1254/1999 establece, na súa disposición derradeira primeira, a necesidade de revisión da directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico, aprobada por Acordo do Consello de Ministros do 23 de novembro de 1990, desenvolvida de acordo co real decreto derrogado, e publicada mediante Resolución da Subsecretaría do Ministerio do Interior do 30 de xaneiro de 1991.

O obxectivo fundamental desta revisión é incorporar-las cambios que introduce o citado real decreto en aspectos tan importantes como son a adopción de políticas de prevención de accidentes graves, o establecemento de sistemas de xestión de seguridade, o desenvolvemento de plans de autoprotección, a elaboración de informes de seguridade, a consideración do efecto dominó, a realización de inspeccións, a ordenación territorial tendo en conta o risco destes accidentes e a información ó público. Todo iso, sen menoscabo do disposto na normativa básica de prevención de riscos laborais (Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención), así como na normativa específica (Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo).

Con posterioridade á aprobación e á publicación da citada directriz básica, publicouse o Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma básica de protección civil, que constitúe, en desenvolvemento da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, o marco fundamental para a elaboración e integración dos diferentes plans de protección civil e considera o risco químico como obxecto de planificación especial.

Por tanto, faise tamén necesaria a adecuación da directriz básica ás disposicións da Norma básica de protección civil. A este respecto e como elemento que cómpre destacar neste aspecto da revisión, atópase a incor-